

## GALERÍA DE ARTE

## Vibracións

**M**ENCIONAR un nome, o de Rafael Úbeda, é facer fincapé nun personaxe cunha dilatada traxectoria artística tanto a nivel académico como expositivo. As súas inquietudes céntranse nun mundo específico, o mundo habitado polo home, e esa preocupación polo humano impulsouno a emprender numerosos movementos artísticos: a súa pertenza ó grupo Zebra, as súas experiencias cubistas reflectidas tanto na tensión que emana das súas composicións como nas imaxes fracionadas coas que o pintor nos deleita. O dinamismo que emanan os seus lenzos, a velocidade á que se suceden as súas imaxes traénnos á memoria aquelas palabras de Marinetti: “O esplendor do mundo enriqueceu-se dunha nova beleza, a beleza da velocidade”, e é que como os pintores futuristas tamén Rafael Úbeda concentra a nosa atención sobre escenas en movemento continuo.

O vaivén das súas figuras responde ó hábito co que as viste e é un hábito musical procedente da súa dobre condición de músico e pintor. ‘Concerto a dous’, ‘Gaiteiro e meigas’ e ‘Blue vibrations’ retrotráennos á grande historia da pintura onde figuras como Van Horthors, Frans Hols, Seurat e Monet, música e pintura nadaban xuntas, coma eles agora o noso artista amósanos un concerto pero con voces ‘úbeda musicais’ que impregnán todo canto ata agora realizou. Os seus lenzos sonoros murmuran voces na seguridade de estar deixándose oír por causas dignas de atención. As súas pinceladas debuxan sensacións, condenan a estática, componen música que acompaña a tódolos cadros e pasa a ser esta a súa amiga fiel, a súa musa que nos alegra unhas veces ou nos apena noutras ocasións. Frente á incomunicación actual, Úbeda achéganos unha lección de sentimento e de paixón por un traballo ben feito, por un traballo que nos persuade, agrada e convence con tres elementos esenciais: destrucción da figura, proporcionarnos axiomas evidentes para probala cousa de que se trata, e subsistí-las definicións no lugar dos definidos.

Fátima Otero